

Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra crean fronte común a favor da hostalería



Páxina 7

A Xunta renovou o firme da vía de alta capacidade en Monforte



Páxina 9

O primeiro horreum romano con muros paralelos foi localizado en Proendos



Páxina 11

Adxudicado o proxecto de construción do parque acuático de Monterrei



Páxina 12

BNG demanda explicacións ao presidente da Deputación por adxudicacións "a dedo"



Páxina 14



Cachamuíña será o gran pulmón verde de Ourense

Páxina 13

Entrevista



Miguel R. Carnota - Portal Galego da Lingua

“Os programas de inmersión lingüística están demonizados porque había que demonizar a inmersión en catalán”

Páxina 7



Monforte de Lemos, capital da Ribeira Sacra



CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Miscelánea

Por José Paz Rodrigues (Professor aposentado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Académico da AGLP)

O Cine Clube “Padre Feijóo” de Ourense cumpre os seus 50 anos de vida (III)

Desde que foi criado na Escola Normal de Ourense o Cine Clube “Padre Feijóo”, no curso 1970-71, desenvolveu na “Cidade das Burgas”, numerosas actividades relacionadas com o cinema e a sua promoción e difusión. Ademais de ciclos cinematográficos dedicados a grandes directores, a cinema das diferentes nacionalidades, nomeadamente de países com una rica filmografía (Itália, França, Japão, Suécia, Países do Este, Cuba...), a filmes apropiados para as comemorações anuais (paz, mulher, dereitos humanos, libro, médio ambiente, música, Europa, África, ensino, poesía, día do traballo, impreza, saúde, emigración, etc.), e as sesións de cinema ao ar libre nos distintos bairros, temos que destacar as actividades monográficas especiais celebradas, e entre elas as seguintes:

a.-As “Xornadas do Cine de Ourense”, de 1973 a 1978: A “alma mater” das mesmas nas suas seis edicións foi sempre o xornalista e profesor Luís Álvarez Pousa, que era o desenhador principal e o que

tinha os contactos importantes de grandes críticos cinematográficos do país, das revistas catalanas, de Dirigido Por, Film Guía, Reseña, Triunfo, etc. Também é certo que contou com o apoio decidido para que pudessem ser realidade, da directiva do “Padre Feijóo” presidida por Emilio Losada, acompañado do secretario José Paz, autor do presente depoimento. Com o nome de “1ª Semán do Cine en Ourense”, a 1ª edición tem lugar do 8 ao 13 de xaneiro de 1973. Já com a denominación de “Xornadas do Cine de Ourense”, desenvólven-se as edicións 2ª a 5ª, nas seguintes datas, respectivamente, 9 a 19 de xaneiro de 1974, 2 a 8 de xaneiro de 1975, 7 a 11 de xaneiro de 1976 e 1 a 6 de abril de 1977 (edición na que Pousa consegue traer às Xornadas ao cineasta galego Carlos Velo). Com o nome de “Xornadas do Cine das Nacionalidades e Rexións”, do 7 ao 14 de xaneiro de 1978, desenvólven-se a edición sexta. Em 2023 terá que celebrar-se o cincüentenário histórico deste importante evento, no que surgiu a necesidade de termos un cinema

galego, na nosa lingua e com temática sobre a Nosa Terra. No seu día teremos que escribir e publicar un depoimento monográfico sobre as “Xornadas do Cinema de Ourense” dos anos setenta.

b.-“Mostras Cinematográficas de Arte e Ensaio”, de 1973 a 1980: Com o inestimável apoio do concelheiro ourensano, e presidente da comisión das festas maiores da cidade, Manuel Rego Nieto, e mais tarde do que continuou o seu labor, Luís Gómez Andelo, o “Padre Feijóo” organizou durante as festas do Corpus ourensanas celebradas no mês de xuño, sete edicións das “Mostras” (as cinco primeiras apoiadas economicamente polo Concelho, embora non as dúas últimas, por serem outras persoas as responsables das festas), com un inmenso sucesso e asistencia inusitada de cinéfilos às diferentes sesións celebradas nas salas dos colégios Maristas e Salesianos, na Casa da Cultura e nos cines Xesteira, Avenida e Pequeno Cine, nas diferentes edicións. O programa das Mostras estaba sempre composto por seis ou sete filmes de grande calidade e obras mestras, tratando de escolher aqueles mais destacados e interesantes que foran estreados durante o ano nas salas especiais de cinema do noso país. Que eran presentados por grandes críticos vindos a Ourense em esas datas, que também dirixiam o cinemaforum final, dos que lembramos a Norberto Alcover, Pedro Miguel Lamet, Fernando Lara, Diego Galán ou César Santos Fontenla. No seu momento teremos também que redatar e publicar un depoimento monográfico dedicado a resenhar a historia das “Mostras”. Que se celebraram respectivamente da 1ª a 7ª nas seguintes datas: 22 a 28 de xuño de 1973, 22 ao 30 de xuño de 1974, 23 a 29 de xuño de 1975, 18 a 28 de xuño de 1976, 21 a 28 de xuño de 1977, 20 a 24 de xuño de 1976 e 2 a 8 de xuño de 1980 (a edición de 1979, por falta de apoio municipal, non se celebrou). Desde 1975, de forma paralela, tiveram lugar também pensadas para crianças, as denominadas “Mostras de Cinema para Crianças”, compostas de filmes importantes de cinema infantil e temática adecuada para a infancia. Esta actividade desenvol-



veu-se também com grande sucesso e asistencia de nenos e nenas até o ano 1979, e provocou a creación de una sección especial no cine clube dedicada ao cinema infantil e xuvenil.

As “Mostras” das festas maiores, já desde 1981, com o apoio do concelheiro de cultura Balbino Álvarez, quando accedeu à corporación municipal, foron substituídas pelas sesións de cinema ao ar libre em 16 mm., que se desenvolvían na Praça de S. Martinho no centro da cidade, e uns anos mais tarde na explanada das Burgas.

c.-Ciclos Cinematográficos Provinciais: De forma cooperativa com cine clubes de outras localidades da provincia e, no seu caso, com asociacións culturais, o “Padre Feijóo” organizou diversas edicións de ciclos cinematográficos, que se tinham iniciado em 1973 com a “1ª Campaña de Divulgación Cinematográfica Provincial”. Nestes ciclos colaboraba a Deputación Provincial, e Caixa-Ourense pagava a edición dos correspondentes programas. Ademais da cidade de Ourense, interesantes filmes eran levados para proxeccionar en localidades ourensanas como Castro Caldelas, Alhariz, Póvoa de Trives, A Rua, O Barco, Maceda, Carvalhinho, Cortegada, Celanova, Riba d’Ávia, Leiro, Ginzo e Verim.



Mesa redonda no Ateneo. Luís A. Pousa no centro.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias publicid@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



A onde nos leva este “perro mundo”

Estamos a vivir momentos convulsos. Á pandemia, que xa nos tiña acolloados, súmaselle agora unha nevada de campeonato. O nunca visto polo vellos do lugar, sobre todo se son de Madrid. E por se isto non fora suficiente temos un Goberno de coalición que ten que pelexar contra os seus propios demos internos. Un goberno descoñecido dende os tempos da República. E por enriba temos unha Oposición que non se opón, como sería lóxico, senón que entra ao trapo con razón ou sen ela con tal de minar ao Goberno, abanear a árbore a ver se lle cae algún froito, pero esquecéndose do seu laor constitucional: facer oposición presentando propostas alternativas; propostas nas que os posibles votantes puideran comprobar que outra maneira de gobernar é posible, que hai alternativa.

Pero non. Ao PP o que mellor se lle da é agarrarse aos micros dos medios de comunicación por calquera cousa que se mova. Para qué? Pois para insultar ao Goberno na maioría dos casos e para denunciar posibles falcatruadas que este teña cometido, tendo, precisamente, nestes momentos sentados no banquiño dos acusados a medio Partido. Claro que os acusados agora son uns apestados, xa non militan, xa foron botados. Pero a corrupción segue o seu camiño trazado dende os comezos de A.P. e continúa circulando polas veas do PP.

Creo que os cidadáns temos dereito a opción políticas máis serias, máis constructivas.

E para poñerlle o curuto á meda, o Rei Emérito (menudo palabra), saenos viaxeiro, presuntamente corrupto, ligón por vínculo familiar e recaudador de “esmolos” dos amigos. Propio dun Borbón. Moléstense en ler algo sobre esta dinastía e comprobarano. Foise de vacacións pagadas por todos nós os Emiratos Árabes. Parece que alí ten bos amigos. “Entre pillos anda el juego”, diría o castizo.

Poñerme a comentar máis amplamente todas estas cousas podería rematar sendo aburrido para os sufridos lectores. Por esta razón decidín cambiar de tercio e facelos partícipes das notas que fun tomando en libros e xornais durante os últimos anos. Son “perlas” que lle servirán para pensar, reflexionar sobre o que acontece arredor de cada quen. Tranquilos, só vai ser unha pequena escolma. Faltaría mais!!

Son distintas e parecidas. Creo que teñen unha especie de fio conductor que as relaciona sen querer, porque en esencia todas van ao mesmo obxectivo: tentar abrir as mentes dos humildes lectores deste xornal para que “se atrevan” a facer un exercicio

de espionaxe informativo. Eu indicareilles o obxectivo a conseguir e vdes. ven se así o consideran oportuno. Unha “divertida persecución” dos peligrosos elementos sociais que nos rodean, que determinan as nosas vidas e din ser, coma os antigos monarcas “donos de vidas e facendas”. Agora só poden ser, polo visto, donos das facendas; aínda que nunca se sabe.

Todo isto que lle vou contar fareino da man de persoas moito máis doctas ca min, obviamente. Eu serei a canle entre eles e vdes. Calquera mérito será desas dúas partes: os pensadores, as persoas que se dedicaron a esculcar na conciencia humana e a propoñernos ideas, solución,



e os lectores deste humildes xornal.

Comencemos por Giovanni Sartorio, politólogo do século XX cando di: “Gobernar a democracia cos electores desencantados resulta complicado, pero facelo cos electores irritados pode chegar a ser insoportable para o correcto funcionamento do sistema”. Beltolt Brecht deixounos estas outras perlas: “Da ignorancia política nacen as desigualdades, as injusticias”. Foi castigado por considerar as palabras de Horacio (“Morrer pola patria é doce e honorable”), como propaganda dirixida na que só os parvos cren.

Sempre ocorre así. Cando unha persoa ten a valentía de enfrontarse “ao politicamente correcto; á política de moda”, resulta desprezado, tratado coma un alborotador, castigado por poñer, din, en perigo o sistema.

Adam Smith afirmaba: “onde queira que exista grande propiedade, grande riqueza, existe unha grande desigualdade. Por cada persoa rica ten que haber, polo menos, 500 pobres”.

Parecera que tanto a riqueza como a pobreza foran elementos indispensables da nosa existencia. Iso non é así, nembargantes os datos queren convencernos do contrario,

que iso é real, incuestionable. Quen non escoitou afirmacións categóricas como: “sempre houbo ricos e pobres, o mundo está feito así e non hai quen o cambie”.

Agora reflexionemos sobre uns cantos datos que por ser cuantificables non son opinables.

Vexamos, pois.

As estatísticas dinnos que 85 persoas das máis ricas do mundo acumulan tanta riqueza como 3.000 millóns de pobres, pobrísimos. Que a metade da riqueza do planeta está nas máns do 1% da poboación. O país máis rico (Qatar) presume de ter a renta per capita 428 veces máis alta que a do país máis pobre : Zimbabue. As 20 per-

por exemplo, confirma bastante as verbas do pensador.

Estamos sendo bombardeados por discursos catastróficos, apocalípticos, nos que aparecen novos mesías que veñen a salvarnos. Atopámonos diante dunha sociedade sen capacidade de reacción. A este propósito escoitemos ao opositor ruso Salomón Gimburg: “O Poder atiborra os cráneos antes de atiborrar as urnas”; ou sexa, a propaganda política, que non información, obnubila as mentes dos cidadáns que en pouco tempo se esquecen de ter sido enganados, manipulados e seguen concedendolles o seu apoio como borregos. Aí temos aos norteamericanos coma ovelliñas detrás dun lunático gobernante que, precisamente hoxe, vai deixar de selo pero non por iso deixará de manipular a millóns de cidadáns enganados por un empresario metido a político para mellor defender os seus intereses.

Fronte a esta situación temos que defender a plena liberdade de información como a esencia dunha democracia plena, porque se a información se pode comprar a democracia queda invalidada, transformase nunha especie de analxésico que en vez de curarnos nos atonta, nos manipula intelctualmente. Nestes momentos existen medios de comunicación que teñen como único fin desinformar, crear un estado de opinión que nada ten que ver coa realidade. Habermas, da Escola de Frankfurt, afirma que a realidade obxectiva é única, pero as percepcións subxectivas desa mesma realidade son tantas como persoas a contemplan. É aí, precisamente, onde actúa a manipulación informativa; creando distintas realidades. Claro que todas elas, como dirían os clásicos “pro domo sua”, é dicir, para súa casa, en beneficio dos seus donos.

Eu xa teño afirmado, de palabra e por escrito, que existen moitos medios de comunicación tóxicos; cunha toxicidade de alto voltaxe; tal que a maioría dos lectores non son quen de percatarse de estar sendo alienados, embotados con ideas e pranteamentos totalmente destructivos. Quen non ten escoitado, coma un mantra, “as cousas son así e non hai nada que facer para melloralas”. Parecera que a miseria, a incultura, a explotación laboral, etc., foran castigos divinos contra os que non se pode loitar. Ai temos unhas recentes declaración dun membro do Goberno actual afirmando que neste País existen empresas con máis Poder que o propio Goberno. ¿Quen lle pon o axóuxere ao gato?

Rematemos coas palabras de D. Quijote: “Amigo Sancho, cambiar o mundo non é unha utopía, nin unha tolemia, é xustiza”.

Que sexan felices; cóidense moito.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O Constitucional racha con Europa

O Tribunal Constitucional (TC) rexeitou por seis votos contra cinco (o posto duodécimo ficou vacante desde Fernando Valdés demitiu hai semanas) o recurso de amparo do sindicalista galego Paulo Fragoso (CIG) contra da sentenza do Xulgado do Penal nº 1 de Ferrol (confirmada pola Sec. 1ª da Audiencia coruñesa) que o condenara a 1.260 € por un delito de ultraxes á bandeira do Estado. Cómpre lembrar que en novembro de 2018 caducara o mandato do demitido Valdés e doutros tres maxistrados do TC.

Esta sentenza racha coa doutrina do

Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH), que xa ditaminou que a liberdade de expresión abeira esta caste de condutas, como tamén a de queimar retratos do Xefe de Estado. Neste senso, dous independentistas cataláns condenados por queimar estes retratos (sentenza penal tamén confirmada no seu día polo TC) obtiveron unha sentenza que declarou contraria a devandita condena á liberdade de expresión recoñecida na Convención Europea de Dereitos Fundamentais que interpreta o TEDH.

O TEDH coincide nesta interpretación

ampla da liberdade de expresión co Tribunal Supremo dos USA (TSUSA), que en varias ocasións ten recoñecido que queimar a bandeira dos USA constitúe un acto lexítimo, abeirado na liberdade de expresión recoñecida na Primeira Emenda á Constitución USA. TEDH e TSUSA, porén, non conciden sempre nos límites da liberdade de expresión. Mentres o TEDH mantén un concepto comunitario da liberdade de expresión e non protexe abusos da mesma como os delitos de expresión de odio, por se tratar de agresións á orde xurídica baseada nos dereitos fundamentais e na dignidade das persoas, o TSUSA defende unha interpretación indivualista que descoñece esta categoría dos delitos de odio, permitindo toda expresión que non

supoña unha chamada inmediata e directa a un acto de violencia delictiva.

A Constitución dispón que a interpretación dos dereitos fundamentais sexa realizada consonte cos Tratados internacionais asinados polo Estado. O TEDH é o máximo Tribunal neste eido en todos os Estados da Unión Europea e nos restantes do Consello de Europa. É, sinxelamente, o que máis ordena na unificación xurisprudencial no eido dos dereitos fundamentais no Estado español.

Xa que logo, esta sentenza do TC é ilegal e ilexítima. E, o que é máis grave, racha coa definición europea da democracia e das liberdades.



Situarmos Pardo Bazán

O proxecto da Xunta de Núñez Feijóo de sobrancear a atención á Pardo Bazán nos contidos futuros do Pazo de Meirás afasta a súa reconciliación coa cidadanía coruñesa e galega que financiou a medio da violencia e intimidación franquistas a merca da propiedade para llela doar ao ditador.

Ningúen pode dubidar da máxima relevancia da Dª Emilia na historia da literatura castelá, da importancia da súa abondosa e variada biblioteca ou do seu profemismo, moito máis vencellado á igualdade no acceso á cultura e educación das

mulleres ca ao recoñecemento dos seus dereitos políticos ou familiares (divorcio, etc.). A súa ideoloxía política, abertamente reaccionaria, non lle impediu integrar as achegas estilísticas do naturalismo ou as ideas pedagóxicas de Giner de los Rios, chegando ser unha sobranceira intelectual de dimensión europea. Mais...

Mais Dª Emilia adoptou escollas políticas evidentes, ben afastadas dos principios liberais, democráticos e galeguistas do noso Rexurdimento, como afirman os profesores Xosé Antón Fraga (último director do Instituto Cornide de Estudos Coruñeses) e

Helena Miguélez Carballeira, profesora na universidade de Bangor (Gales). Fraga ven de nos lembrar que a Pardo Bazán opta conscientemente polo carlismo tanto na versión insurreccional de 1873 canto no tradicionalismo pactista de 1886, sen por iso deixar de refugar sempre, dende 1873 até a súa morte no 1921, dos principios do liberalismo democrático e do parlamentarismo. Pola súa banda, Miguélez Carballeira contrapón o clasismo e elitismo cultural da fidalga coruñesa e a súa dependente e subordinada de Galicia e das clases medias e populares co fondo vencellamento de Rosalía na cultura popular e na idea de xustiza social e do seu home, Murguía, no protagonismo político e cultural das clases medias na emancipación dunha

Galicia dona de seu e actuante por si na Europa e no mundo.

Afondando nesa idea subordinada de Galicia, Pardo Bazán defendeu o carácter dialectal do galego e a súa validez limitada á poesía intimista e ás manifestacións folklorizantes do país, defendendo a exclusividade do castelán canto á produción científica e a literaria con arelas universalistas.

Os méritos da Pardo Bazán non poden agachar a indubidábel parcialidade política e cultural do plan de Núñez Feijóo para agachar a memoria democrática, recreando unhas ideas políticas e culturais-as de Dª Emilia-ben afastadas da mellor tradición liberal e democrática do pensamento galego.

Aprendermos do de Trump

“...O say, does that star-spangled banner yet wave... over the land of the free and the home of the brave”

Pouco máis de 30 anos despois da Independencia dos USA, o poeta-e avogado- Francis Scott Key (1814) escribiu estes versos no decurso da batalla da baía de Baltimore (Maryland), cando os norteamericanos loitaron contra os británicos a súa segunda guerra da Independencia. Hoxe poñen o cabo ao hino dos USA.

Segue a pendurar a bandeira USA das estrelas cintilantes sobre a terra das persoas libres e sobre dos fogares das persoas afoutadas? O presidente Trump, neto

de inmigrantes alemáns, esqueceu as orixes comúns da grande maioría da poboación americana para definir nestes longos cinco anos unha mensaxe supremacista: racista e sexista, para construír unha minoría social potente e hexemonizante, como as que monopolizaron politicamente a Alemaña nazi entre 1933 e 1945 ou a Italia fascista entre 1922 e 1945.

Nas eleccións deste novembro de 2020, Trump quitou 74 millóns de votos fronte aos 78 de Biden. Foi, xa que logo, o segundo candidato presidencial máis votado da historia política dos USA. Hai só dous meses esta axenda criminal e fascista amosaba ter o apoio dunha parte importante da cidadanía USA. Desenvolveron baixo ordes do presidente Trump unha teimuda

guerra legal que chegou até o pasado 6 de xaneiro, cando as dúas Cámaras Federais (House of Representatives e o Senado) ratificaron a elección presidencial de Biden.

Mais Trump fracasou nos seus tentamentos de mesturar ferramentas xudiciais, parlamentarias e abertamente golpistas para impedir a proclamación presidencial de Biden. E, mentres, contribuíu a que o seu partido republicano perdera a maioría no Senado, ao liscar por incomparecencia a respecto dos seus dous candidatos polo estado de Georgia. Incribel... O grande estado da Coca-Cola, a CNN, as Olimpíadas de 1996, B-52 e REM, de sempre conservador, garantindo un amplo ciclo progresista (coa maioría no Senado, canda a Presidencia de Biden e a previa maioría da Cámara Baixa).

Trump non soubo administrar a súa potentísima forza electoral e política. Porque teimou en tentar resolver os seus problemas baixo a fórmula de aquí e agora. Moi pro-

bábelmente porque coñece moitos datos que sabe lle impedirán tentar volver á candidatura presidencial ou a calquer labor político. Velaí como seguiu camiñar o ronsel de Hitler e Mussolini...despois miña ha vir o caos.

Trump deixa un partido republicano desfeito, tamén o amplo sector que defende prantexamentos supremacistas e antidemocráticos. Mais este sector, avaliábel en termos de entre 25 e 35 millóns de americanos (a meirande parte armados) seguerá a existir o 20-X, cando asuma a presidencia Biden e mesmo despois. Sen dúbida, o afundimento de Trump será un grande fracaso para eles. Mais, se a sociedade civil, os medios de comunicación e os sectores políticos demócratas non reaxen, axiña han atopar outro líder que poderá chegar facer invisíbel, no medio do fume dos milleiros de lumes, a bandeira das estrelas cintilantes.

Concello reinstala o Monumento aos Liberais na praza das Conchiñas

Alcaldesa Inés Rey inaugurou a reinstalación, sete anos despois, do Monumento aos Liberais na praza das Conchiñas, nun acto ao que asistiron o autor do conxunto escultórico, José Castiñeiras, e os edís de Urbanismo e o de Memoria Histórica, Juan Díaz Villoslada e Jesús Celemín, xunto á concelleira de Barrios, Diana Sobral.

A rexedora recordou que, con esta peza, a cidade honra a memoria daquelas persoas que loitaron, poñendo en risco a súa vida, polo triunfo do movemento constitucional no século XIX. Rey lembrou tamén que, coa devolución do monumento ao barrio da Agra, o Concello responde a un movemento veciñal



que viña demandando a súa reinstalación desde hai tempo por ser un emblema, en que se representa esa "determinante revolta popular do 21 de febreiro de 1820".

Concello da Coruña impulsa subvencións para as colonias felinas

A Concellería de Medio Ambiente e Sustentabilidade do Concello da Coruña autorizou ás entidades que se encargan das colonias felinas da cidade a continuar coa xestión destas, condicionada a unha declaración responsable, e co engadido de que durante a vixencia desta autorización se lles irán remitindo outros posibles condicionantes destinados ao debido control das actuacións a realizar.

As asociacións deberán contar durante o período de tempo da autorización coa condición de

asociación de protección e defensa dos animais e de entidade de acción voluntaria, tamén asumirán os custos nos que incurran nas actuacións de esterilización, tratamento, alimentación ou saneamento dos gatos.

Polo de agora, apuntan desde a concellería, só dúas entidades renunciaron a xestionar as colonias na Praia de Oza e no Barrios das Flores. Esta xestión será ofrecida ao resto das asociacións.

O Concello, na busca do benestar animal e da salubridade, e contando coa axuda das persoas voluntarias,

leva a cabo un programa de vixilancia, protección e control das poboacións de gatos rueiros a través das colonias felinas.

A duración dos convenios era de seis meses, que se foron prorrogando ata o 31 de decembro de 2020. A perfecta integración das colonias na contorna urbana facilitou a convivencia destes animais coa veciñanza, de tal xeito que no pasado mes de setembro sumáronse ás colonias xa existentes outras novas en Palavea, Eirís, Monelos e Os Castros-Paseo de Oza.

BNG impulsa iniciativas a favor da pesca galega

Tras un encontro co Consello Administrador da Lonxa da Coruña, a voceira do BNG en Europa, Ana Miranda, e os deputados Néstor Rego e Rosana Pérez, voceira da Comisión de Pesca no Parlamento galego, expresaron o seu compromiso na defensa do sector pesqueiro galego, a fin de frear a perda da súa capacidade económica pola pan-

demia e o Brexit.

"A redución dun 25% dos dereitos de pesca da UE supón un duro golpe para o sector pesqueiro galego, que os gobernos galego e estatal non souberon evitar", expresaron Miranda, Rego e Pérez durante esta xuntanza.

O sector pesqueiro galego corre o risco de perder 4.300 toneladas de especies como gallo, pescada

e rape, fundamentalmente, nos próximos cinco anos. Velaí que o BNG reclama, entre outras iniciativas, a reforma dos criterios de reparto de cotas pesqueiras na UE e que Galiza teña voz propia nas negociacións pesqueiras a nivel internacional. Tamén defenderon a posta en marcha de axudas por parte de Portos do Estado para compensar as perdas do sector.

A Coruña e o Sergas acordan analizar a licenza do CHUAC

O persoal técnico do Sergas e do Concello da Coruña acordaron analizar os documentos presentados pola consellería de Sanidade para axilizar a concesión da licenza para as obras de mellora do CHUAC e iniciar as obras en xaneiro de 2021.

Ademais, a Xunta de Goberno Local deu luz verde a catro licenzas para equipamentos en edificios públicos, sendo estes o Centro de Educación Especial María Mariño, o IES Salvador de

Madariaga, e o edificio da Delegación Especial AEAT en Galicia.

En 2020, o Concello outorgou un total de 753 licenzas, 33 licenzas por cada Xunta de Goberno Local. Destas licenzas, 18 foron aprobadas por máis de 1,2 millóns de euros. Por ámbitos, 165 foron no ámbito do Plan especial de rehabilitación e reforma interior da Cidade Vella Pescaría. Todas estas licenzas supoñen un total de 428 vivendas en novas edificacións e 176 vivendas novas froito da rehabilitación.

A Coruña e o Goberno Central selan o impulso da Axenda Urbana 2030

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, e o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, José Luis Ábalos, asinaron en Madrid o protocolo xeral de actuación entre o Goberno do Estado e o Concello da Coruña, co que se materializa a colaboración entre ambas as institucións para conseguir os obxectivos marcados pola Axenda 2030 da ONU e mais polas axendas urbanas internacionais.

A Axenda Urbana pretende crear un modelo de cidade urbano sustentable que vertebrase a transición económica, ecolóxica, social e cultural das cidades.

Ademais, a Secretaría Xeral

de Axenda Urbana e Vivenda elaborou a Axenda Urbana Española (AUE) dentro dun marco estratéxico, coa que pretenden transformar os espazos urbanos dentro dun proceso en que se concretarán plans de acción en que intervirán os distintos axentes implicados no desenvolvemento das cidades, especialmente, as entidades locais.

Dende o goberno central destacaron que A Coruña foi o primeiro concello que, "consciente do potencial da metodoloxía de traballo proposta pola Axenda Urbana Española, ofreceuse para elaborar a súa estratexia a modo de 'proxecto piloto'".

Galicia en Común pide "rescatar" a AP9 das "mans privadas"

O deputado pola Coruña do Grupo Parlamentario Confederal de Unidas Podemos-En Comú Podem-Galicia en Común, Antón Gómez-Reino, aposta por "ir máis alá das bonificacións" en relación coa AP9 e "abordar de maneira seria o seu rescate" das concesionarias privadas.

Gómez-Reino cree que "como lexisladores o que nos ten que preocupar é defender o público, por iso non deberíamos limitarnos só a bonificar a empresas priva-

das que de xeito irresponsable viron aumentadas as súas concesións e o seu negocio grazas ao Partido Popular".

Dende Galicia en Común enténdese que bonificar determinados tramos da AP9 é un gran paso dado polo goberno de coalición na Moncloa para reducir o impacto das peaxes, pero que ditas bonificacións suporían un mínimo desembolso de 1.350 millóns de euros ata 2048, data da fin da concesión que foi ampliada polo goberno de Rajoy.

Máis de 1 millón € para impulsar o emprego xuvenil no rural coruñés

A Deputación da Coruña inviste máis de 1 millón de euros para impulsar a creación de emprego na mocidade menor de 30 anos e a posta en marcha de novos proxectos empresariais para 65 concellos rurais da provincia, a través dos programas PEL-Relevo e PEL-Rurinnova 2021 orientados a frear o declive demográfico no rural.

O Boletín Oficial da Provincia (BOP) publicou as bases das dúas liñas de axuda enmarcadas no Plan de Emprego Local (PEL), que contan cun orzamento total

de 1.052.400 euros, do que o 80% é subvencionado polo Programa Operativo de Emprego Xuvenil, Fondo Social Europeo.

A Deputación busca a través destas liñas a creación de novas empresas, fomento do autoemprego e configuración de postos de traballo estables e de calidade para a mocidade que viva en municipios da provincia que contan con menos de 5.000 habitantes ou con menos de 10.000 habitantes que presenten un saldo demográfico negativo.

A liña de axudas PEL-Relevo,

que conta cun orzamento total de 498.000 euros, permitirá subvencionar a contratación de 80 mozas e mozas nas empresas e microempresas dos municipios aos que se dirixe o programa. As axudas estarán limitadas ás empresas que realicen contratacións indefinidas a tempo completo.

A liña PEL-Rurinnova destinará 554.400 euros para o fomento do autoemprego e a creación de empresas a través de accións dirixidas ao desenvolvemento de iniciativas empresariais por parte da mocidade.

Deputación da Coruña insta á Xunta a aumentar o orzamento nos PIE

O pleno da Deputación da Coruña aprobou unha moción instando a á Xunta de Galicia a aumentar o orzamento para a execución de Programas Integrados de Emprego (PIE) xestionados polos concellos e que, cando menos, non sexan inferiores aos do exercicio anterior e contribúan a paliar o impacto económico negativo que está a causar a pandemia da Covid-19.

Mentres que en 2019, o PIE concedeu 5 millóns de euros para entidades locais e outros 5 millóns para entidades sen ánimo de lucro, para 2021 dispuxéronse 6,7 millóns para entidades e 1,6 para entidades locais, un notable recorte que afecta especialmente aos concellos máis pequenos e rurais, que carecen de recursos propios para aplicar políticas activas de emprego.

Asociación Galega para a Defensa da Sanidade critica as políticas de Feijóo

A Asociación Galega para a Defensa da Sanidade emitiu un comunicado na que criticou os recortes de máis de mil traballadores de persoal sanitario de Atención Primaria (AP) por parte da Xunta de Galicia, así como as declaracións do presidente Alberto Núñez Feijóo culpando á poboación que cele-

brou o Nadal do empeoramento da pandemia en Galicia.

O comunicado cualificou esta actuación de Feijóo de "inaceptable, ofensiva para a poboación e perigoso para a saúde da mesma".

Así mesmo, criticou a redución do orzamento para AP nun 12%, suprimindo camas nos hospitais,

privatizando os hospitais públicos, pechando centros de saúde, eliminación de consultas de pediatría e a implantación de consultas telefónicas, entre outras.

Esixiu así mesmo unha rectificación das declaracións de Feijóo e "o inicio dun proceso de reconstrución do Sistema Sanitario Público en Galicia".

Deputación amplía os prazos das candidaturas para os premios PEL

A Deputación da Coruña ampliou ata o 28 de xaneiro ás 14.00 horas, o prazo de presentación de candidaturas para a cuarta edición dos premios Plan de Emprego Local (PEL)

Repartiranse un total de 75.000 euros en premios, 15.000 por cada categoría. Neste sentido, esta edición contará con cinco categorías, sendo estas:

premio á mellor iniciativa empresarial nova; á mellor iniciativa empresarial consolidada; á iniciativa innovadora na loita contra a COVID 19; á promoción de emprego de calidade; e á mellor asociación empresarial.

A presentación de iniciativas realizarase de forma telemática a través da plataforma SUBTEL da Deputación: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>.

Arquivo da Deputación dedica o "Documento do mes" a Emilia Pardo Bazán

Con motivo do centenario do pasamento da escritora Emilia Pardo Bazán que se celebra este 2021, a Deputación da Coruña quixo recuperar como o 'Documento do Mes' do seu Arquivo o xustificante do préstamo dun centenar de obras da Biblioteca Provincial á célebre escritora galega realizado en 1887.

Todos estes libros que colleu prestados a autora están escritos en lingua francesa e constituíron a base do seu estudo titulado 'A revolución e a novela en Rusia', que nace dunha serie de tres conferencias pronunciadas na primavera de 1887 no Ateneo de Madrid. 'La Russie politique et sociale' de



Tikhomirov ou 'Le roman russe' de Vogüé, son algunhas das súas lecturas para dar contexto e tamén once obras de Turguénev, oito de Tolstoi, catro de Dostoievski, Lérmontov, Pushkin, Goncharov e Gó-

gol, destacan nas súas lecturas.

Como homenaxe, a Deputación publicará todos os meses un documento da relación de Emilia Pardo Bazán coa Biblioteca Provincial.

Lembranza a Lino Braxe desde Italia

Attilio Castellucci recorda o seu amigo Lino Braxe nun artigo publicado na web italiana www.insulaeuropea.eu/

Attilio Castellucci, director do Centro de Estudos Galegos da Universidade La Sapienza de Roma e tradutor, publica a lembranza "In memoria amici Lino ab amico Attilio" na revista literaria www.insulaeuropea.eu/.

A través dun longo e sentido artigo, Attilio recorda a persoa, o poeta e o amigo co que tantas experiencias partillou en Galicia e, sobre todo en Italia, a onde Lino foi en numerosas ocasións presentar os seus espectáculos, case sempre acompañado de Rómulo Sanjurjo, e onde se inspirou para crear parte das súas últimas obras.

De feito, algúns dos seus libros foron publicados en edición bi-

lingüe galego e italiano. No artigo inclúese parte destes textos en ambas linguas, así como se dá conta da existencia dun poemario inédito que enviou a Attilio, Itálica, do que tamén se inclúe un texto. Pódese consultar o texto italiano na seguinte ligazón: <http://www.insulaeuropea.eu/2020/12/29/in-memoria-amici-lino-ab-amico-attilio/>

A versión en galego tamén está dispoñible: <http://www.insulaeuropea.eu/2020/12/30/in-memoria-amici-lino-ab-amico-attilio-2/>

A web [Insulaeuropea.eu](http://www.insulaeuropea.eu), dirixida polo profesor da Universidat de Perugia Carlo Pulsoni, publica información, entrevistas, investigación e recensións relacionadas coas diferentes literaturas e Europa, entre elas a galega.

Remitido por Inma Otero Varela

Por Moncho Mariño

Miguel Rodríguez Carnota - Portal Galego da Lingua

“Os programas de inmersión lingüística están demonizados porque había que demonizar a inmersión en catalán”

Miguel Rodríguez Carnota é o autor da tese 'Lingua, poder e adolescencia no proceso de substitución lingüística', un traballo de investigación cualitativa sobre o abandono do galego como lingua vehicular entre os alumnos ga-

lego-falantes nos centros de ensino. O documento de Rodríguez Carnota incide nun fenómeno que foi investigado desde outros puntos de vista, mais esta é a primeira vez que se conta cos testemuños de alumnos e alumnas.

-Cales son os motivos de querer materializar un traballo como este sobre o comportamento lingüístico da mocidade?

Sempre fun sensible ás cuestións en relación a temas sobre o galego. Traballei vinte anos nun centro de ensino secundario maioritariamente castelán falante e os poucos galego falantes que entraban nese centro falando en galego en todas as situacións da vida, claudicaban para falar en castelán para desenvolvérense dentro do instituto. Logo observaba que aqueles mozos e mozas que deixaban o instituto víalos pola rúa anos despois e dirixíanse a ti ou contestábanche en galego, cando non o fixeran no centro educativo. Entón pensas que dentro do centro parece haber algún factor que impide a un adolescente usar o galego con normalidade. Esa foi a primeira circunstancia que me sorprendeu. Logo dirixín o departamento de Dinamización da Lingua Galega. Nese momento coñecín rapaces e rapazas que querían facer o movemento á inversa, falar en galego. A súa ex-

periencia era estar batendo con dificultades, non por que non soubesen falar galego, senón pola resposta do medio, principalmente polos compañeiros e compañeiras.

-E o contexto familiar non tería importancia neste asunto?

Coñecín familias galegofalantes con moito convencemento e mesmo algúns facendo defensa pública do idioma de maneira militante. Entón vin que fillos e fillas desas familias se desenvolvían en castelán. Iso era algo que me intrigaba. Así pois, mediante testemuños de rapaces que tiveran relación especial co galego, contaron a súa experiencia vital coa lingua. Esa foi a orixe desta tese.

-A túa tese é dos poucos documentos que abordan este tema.

Téñense feito teses e traballos semellantes, non inventei este xeito de traballar. Eu tiven como referentes a Ana Iglesias (Falar galego, no veo por qué) e a Valentina Formoso (Do estigma á estima), baseados en que os participantes contan as súas historias. Igual non é a primeira vez que se fai un traballo referente a un

instituto concreto, si que se fixeron máis análises.

-As diferenzas entre centros de ensino son moi marcadas?

A casuística do centro que eu estudei é a dunha vila que non está lonxe de dúas cidades galegas, moi influída por esas cidades. Hai casos diferentes, un fillo meu traballa nun instituto rural e conta que alí a situación de momento é diferente. Si podo dar fe que isto sucede no lugar que estudei. Mais temo que a nivel urbano e vilego a situación é moi semellante á situación que eu coñezo.

-Coa chegada do decreto do plurilingüismo, cal é o futuro do galego?

Non quero perder o optimismo. O primeiro é coñecer os nosos males para conxuralos, meter o dedo na ferida aínda que doa. Malo será que tendo un pobo consciente do que pasa, non reaccione. Xunto a estas cousas, hai experiencias boas que poden ser o xaramolo de que este país debe caer na conta para cambiar o rumbo.

-Inmersión lingüística, hai que



facer toda unha pedagogía para explicar o que é isto, non?

Estes programas están demonizados porque había que demonizar a inmersión en catalán. Cousa que é falsa, a inmersión é o que realmente fai aos nenos bilingües ou trilingües. Coñecín casos de inmersión en infantil e primaria en galego e logo con outros idiomas que ao pasaren de etapa, tiñan certas vantaxes para aprender linguas como o inglés, quizais por ter este tipo de educación de inmersión. No caso da supervivencia do galego falouse nun momento do “bilingüismo harmónico” que a día de hoxe,

está máis que morto.

-Que é a “glotofobia”?

Sería o delito de odio contra a persoa que fala cun determinado acento. Naceu en Francia logo que un político de esquerdas fixese un comentario sobre o acento dunha xornalista francesa cun marcado acento da súa área de procedencia. A min pasoume cando vivín en Madrid, onde se rían do meu acento galego. Aquí non sei se sería posible facer unha lei así, non estría de máis. Non sei se esa lei de Francia abrangue os idiomas o catalán, vasco, corso ou bretón. Aquí en Galiza cumpriría unha lei semellante.

Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra crean fronte común a favor da hostalería

As Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra acordaron esixir ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, un maior apoio á hostalería e o comercio local, afectados polos efectos da pandemia da Covid-19.

Nunha videoconferencia na que participaron os seus respectivos

presidentes Valentín González Formoso, José Tomé e Carmela Silva, subliñaron que todas as Deputacións e a maioría de concellos puxeron xa en marcha liñas de axudas para apoiar ao sector produtivo máis afectados pola pandemia. Lembraron igualmente que a Xunta de Galicia recibiu máis de 200 millóns de euros do

Goberno de España para pór en marcha programas destas características.

Tamén exhortaron á Xunta a impulsar bonificacións fiscais nos impostos de carácter autonómico que carga a estes sectores, coma son o canon de tratamento de lixo de Sogama, o canon de augas ou o tramo autonómico de IRPF.



Galicia

Caballero critica a Feijóo por "non facer corentena" tras acto público con positivo

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, esixiu ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, que aclare "por que non fixo ningunha corentena" logo de participar nun acto do PP tras o cal se coñeceu o positivo en COVID da conselleira de Mar. Nese acto Feijóo "chegou a abrazarse a Pablo Casado sen máscara".

Caballero criticou que Feijóo "dea información a unha cida-

danía que está preocupada polos contaxios, e que debe ter un exemplo de prudencia e de responsabilidade nos seus representantes públicos".

Ademais, no contexto dunha pregunta sobre a xestión da crise da COVID nos primeiros días de mandato de Feijóo, Caballero tirou dos datos oficiais para sinalar que en Galicia non se coñece a orixe de "dous de cada tres contaxios" e criticou

tamén as cifras de Feijóo sobre o número de rastrexadores que operan en Galicia, logo de que Feijóo anunciara que hai 6.152 e esa cifra fora desmentida polo propio conselleiro de Sanidade.

Caballero criticou igualmente a "publicidade enganosa" da Xunta ao prometer axudas de 2.000 euros para os autónomos. "Habendo 200.000 autónomos, fan falta 400 millóns de euros, pero só consignan 87 millóns".

PSdeG reclama á UE a activación do fondo de continxencia do Brexit

O eurodeputado do PSdeG, Nicolás González Casares, e o vicesecretario xeral do PSdeG, Pablo Arangüena, informaron que os socialistas europeos reclamaron á presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, "a posta en marcha inmediata do fondo de continxencia do Brexit que contén especificamente a pesca como beneficiaria de axudas".

González Casares amosou a súa preocupación porque "o déficit de capturas e cotas que se vai producir non é moi lesivo para Galicia", pero o acordo do Brexit "só chega ata 2026", o que significa que ese ano "hai que renegociar, de xeito novo, cota a cota". Informou que, segundo a



patronal pesqueira, "o dano para o sector da pesca é contido, nove millóns de euros anuais".

Doutra banda, González Casares destacou que Galicia recibirá 441 millóns de euros do primeiro tramo dos fondos REACT-EU, unha achega maior que países como Bélxica e Portugal.

Nesa liña manifestouse Pablo Arangüena ao sinalar que "Es-

paña logrou un acordo histórico ante unha crise histórica" xa que recibirá "140.000 millóns de euros dun total de 750.000 millóns que vai repartir e inxectar a UE". Aproveitou para amosar a súa preocupación ante a "total improvisación e escurantismo" por parte da Xunta de Galicia con respecto á presentación dos proxectos europeos.

BNG: "A Xunta, España e a UE deixan tirada á pesca galega no Brexit"

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, e a deputada no Parlamento galego Rosana Pérez acusaron á Xunta, ao goberno español e á Unión Europea de "deixar tirado ao sector pesqueiro galego", ao non defender os seus intereses nas negociacións sobre o Brexit.

Desde 2018, a formación nacionalista ven denunciando as consecuencias que terá para a pesca galega tanto a saída británica da UE como a recente negociación de que os dereitos de pesca da UE se reducirán nun 25% até xullo de 2026, cando remata o período de transición este 31 de decembro.



Por iso, o BNG introducirá unha iniciativa ante o Parlamento europeo na que se reclamarán compensacións e melloras nas condicións de acceso aos caladoiros. Tamén reclamarán a comparecencia ante o Parlamento galego da Conselleira do Mar, Rosa Quintana.

Caballero valora a "rectificación" de Alcoa para atopar un novo inversor

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, valorou que a multinacional Alcoa anunciase que está disposta a "explorar de novo" a venda da planta situada en Cervo (Lugo), á Sociedade Estatal de Participaciones Industriales (SEPI), tal e como o goberno de

España e o persoal laboral veñen demandando, para buscar unha vía na que un novo inversor lle dea futuro á planta.

Caballero agarda que o posicionamento da empresa "sexa veraz e sen dobreces" a prol de manter a actividade industrial e o emprego.

Podemos Galicia acusa a Feijóo de "disfrazar" as contas para 2021

Podemos Galicia considerou que o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, está a "disfrazar" as contas galegas previstas no Orzamento Público para 2021 e que publicitou como "sociais", considerando que é "outro alarde descomunal de hipocrísia e prepotencia política".

Denunciou igualmente que Feijóo "se despegue da liña expansiva pola que están a transitar outras autonomías" á hora de loitar contra a pandemia e as súas consecuencias, e "desperdicie a oportunidade de investir 1.100 millóns de fondos transferidos desde o Goberno de coalición cos Orzamentos Xerais do Estado".

Podemos Galicia criticou tamén

o aumento do 13,8% nos créditos dentro deste orzamento 2021, do 15,2% tanto dos gastos por operacións financeiras como a capacidade de gasto da administración autonómica (gastos non financeiros), os 5.852,7 millóns de euros (Capítulo IV) que asignan a políticas de protección e promoción social cando "a maioría destes servizos están totalmente privatizados", a minoración na Consellería de Cultura, Educación e Universidades de 3,26 millóns de euros que imposibilita a acometida de novos proxectos, e tamén baixa en 268.000 euros a asignación á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

A Xunta renovou o firme da vía de alta capacidade en Monforte

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade rematou as obras de renovación do firme da vía de alta capacidade VG-2.1 en Monforte de Lemos, a estrada que conecta os dous corredores de acceso a Monforte procedentes de Nadela (Lugo) e Chantada. Esta intervención contou cun orzamento de preto de medio millón de euros (491.274 euros) e afectou á totalidade do trazado, de 2,8 quilómetros de lonxitude. As obras consistiron no acondicionamento integral da capa de rodadura, para o que se procedeu ao fresado do firme existente en calzada e beiravías, e fresados localizados da capa intermedia nas zonas nas que se apreciou deformación. O novo pavimento presenta as mesmas características que o dos corredores que enlaza, de construción máis recente. As actuacións executá-



Vía de alta capacidade VG-2.1 en Monforte.

ronse tanto na vía principal como nos ramais de acceso, e incluíron outros labores complementarios, como a renovación da sinalización horizontal e balizamento e a limpeza de cunetas.

A estrada mellora as condicións de adherencia e visibilidade, achegando maior seguridade para os usuarios. Neste sentido, o tráfico

estimado da VG-2.1 supera os 3.700 vehículos ao día, do que máis do 8% corresponde a vehículos pesados. Estes traballos forman parte do contrato das obras de mellora do firme en tres estradas que vertebran as comunicacións con Monforte de Lemos, cun investimento autonómico de máis dun millón de euros.

Vestiarios para Chantada



Complexo deportivo do Parque Eloísa Rivadulla.

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, visitou as mellores levadas a cabo no complexo deportivo do Parque Eloísa Rivadulla de Chantada, que conta con tres pistas de tenis, e onde a Xunta colaborou co concello no financiamento duns vestiarios adaptados a través da Orde de Infraestruturas de uso pú-

blico. Natalia Prieto que esta actuación permitirá contar cuns vestiarios adaptados e mellorar así o confort dos usuarios cunhas instalacións axeitadas. Deste xeito, o Goberno galego contribúe no equipamento das infraestruturas deportivas do municipio para favorecer a actividade física entre a poboación.

Torremolinos
Café Bar Torremolinos

Establecemento seguro
Certificado desinfección
www.saneacontrol.com

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

VÍSTA O TRASNO
EN ZONA VIÑOS

Rúa Lepanto, 10.
Ourense

DEMAMALUIS
Delicatessen

Reparto a domicilio
Terraza
Estamos en Instagram

Viriato, 11
Casco Vello
988 61 61 68
Ourense

Adegavella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfms. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe

O camión do lixo publicita Sober

O Concello de Sober presentou o novo camión de recollida do lixo co obxectivo de mellorar o servizo da recollida municipal e que sirva ademais como unha nova plataforma turística do Concello. Para iso o vehículo foi rotulado con dúas grandes fotos da ribeira do río Sil ao seu paso por Doade, imaxes moi representativas do Concello, polo que, tal e como explica o rexedor, Luís Fernández Guitián, "servirá como elemento dinamizador do turismo local".

No acto de presentación estiveron presentes o alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, o concelleiro de servizos, Abel López Fernández, un dos operarios do camión, Lorenzo Álvarez Rodríguez, o delegado de FCC Medio Ambiente da Zona Noroeste, Ernesto Barrio Vega, o xefe de Produción de FCC Medio Ambiente Galicia, Guillermo Davila Davila e o xefe de servizo da contrata, Bruno Ponte Castiñeira.

O contrato de servizos subscrito polo Goberno local coa em-



Presentación no Campo da Feira.

presa FCC inclúe a adquisición deste novo camión que vén de presentarse e que xa está en funcionamento. O Concello de Sober prevé incorporar novas melloras, como o reparto de máis contedores polo municipio e seguir coas campañas de sensibilización da recollida selectiva.

Características

O novo camión tamén vai permitir mellorar o servizo ao incorporar moita máis carga e máis compactación, polo que recollerá máis cantidade de re-

siduos en menos tempo. O vehículo foi elixido seguindo tres premisas: mínimas emisións de son e de gases de escape, alta maniobrabilidade e optimización máxima de todas as condicións que impón a lei vixente, sobre todo a de circulación e a de seguridade e hixiene. Dispón ademais dun sistema de localización GPS de última xeración que permite a optimización das rutas de recollida, mellorando a eficiencia dos traballos e diminuindo as emisións.

Sober convoca concurso de deseño do cartel da XLI Feira-Mostra do viño de Amandi

O Concello de Sober convoca o seu tradicional concurso de deseño gráfico coa fin de elixir o cartel anunciador da XLI Feira-Mostra do Viño de Amandi, que inicialmente debe celebrarse o 27 e 28 de marzo coincidindo co domingo de Ramos. A data definitiva dependerá da evolución da pandemia e será consensuada cos adegueiros que participen. Poderá concorrer ó concurso toda a poboación, con traballos en formato A3 e técnica libre. Deberán ser presentados en soporte ríxido para facilitar a súa exposición. Só se pode presentar un cartel por autor ou autora. Quedan exentas aquelas persoas que teñan recibido o premio cando menos en dúas ocasións para permitir así o acceso a novos creadores.

Temática

Os deseños deben reflectir o espírito da Feira do Viño de Amandi

facendo especial fincapé no sector vitivinícola e no noso patrimonio e cultura. Os traballos presentados quedarán en poder do Concello de Sober. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador da XLI Feira-Mostra do Viño de Amandi, así como nos programas de man e outro material promocional. Os restantes carteis presentados poderán ser expostos se o Concello así o considera. O cartel gañador será propiedade do Concello de Sober, quen poderá cedelo a terceiros. O autor ou autora renuncia a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor para incluílo no seu currículo.

Os traballos deberán ser presentados nun sobre pechado co lema do cartel, sen ningunha forma de identificación. Noutro sobre levará escrito o lema e no seu interior deberá conter os datos do autor, tales como o nome, o en-

derezo e o teléfono de contacto. O cartel terá que levar de xeito obrigatorio os seguintes datos: XLI Feira-Mostra do Viño de Amandi. Festa de Interese Turístico. Sober. A páxina web www.concellode-sober.com e a data de celebración, 27 e 28 de marzo. A entrega de orixinais farase na Casa do Concello dende o 8 de xaneiro ata o día 15 de febreiro de 2021. O horario de entrega será de 10:00 a 14:00 horas. Tamén poden ser enviados por correo postal ao Concello de Sober.

Xurado e premio

O xurado emitirá o seu fallo 10 días despois do peche da convocatoria e o cartel darase a coñecer o 27 de febreiro. O xurado estará formado por persoas cualificadas na materia, reservándose a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase

Sober ten punto limpo móbil

O concello de Sober contará cun servizo de punto limpo ambulante que ofrecerá a posibilidade aos veciños e veciñas do municipio de depositar de maneira axeitada, facilitando a súa reciclaxe, aqueles residuos que non poden ser depositados nos contedores habituais. O punto limpo móbil, adquirido co apoio financeiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, disporá dunha ruta coa que se ga-

rantirá o acceso ao servizo por parte da veciñanza. Poderanse depositar residuos como pilas, fluorescentes, tóner e cartuchos de impresora, así como pequenos electrodomésticos e outros residuos de pouco volume e difícil reciclaxe. Como complemento á incorporación do punto limpo, e para fomentar a cultura da reciclaxe entre a cidadanía, o concello tamén porá en marcha unha campaña de concienciación que acompañará ao punto limpo durante as primeiras semanas de funcionamento.

Sober mellora a calidade da subministración eléctrica

UFD, empresa de distribución eléctrica, investiu máis de 226.000 euros en actuacións e obras de mellora de instalacións eléctricas en media e baixa tensión no municipio de Sober (Lugo). A compañía finalizou os traballos de construción dunha nova liña de media tensión aérea de preto de 800 metros entre Cimadevila e Bolmente e puxo en servizo un novo centro de transformación cunha potencia de 100 kVA/20 kV e equipado con tecnoloxía de telexestión. Así mesmo reformou a rede de baixa tensión nos luga-

res de Suairexa, Santa Marta, Cimadevila, O Pacio, O Taro e Casanova, substituindo 2.616 metros de liña aérea e soterrando 700 metros de liña subterránea na contorna da igrexa de Suairexa. A compañía inclúe cada ano no seu plan de investimentos actuacións e iniciativas para potenciar as infraestruturas de subministración de enerxía eléctrica e mellorar a rede de distribución eléctrica, especialmente en zonas rurais, contribuíndo ao desenvolvemento económico destes territorios e a mellora das súas condicións de vida.



Feira do viño en 2019.

que ningún dos traballos reúne os méritos suficientes. Establécese un premio ao traballo gañador de 600 euros en metálico e unha peza de Gundivós personalizada.

O gañador entregará unha copia do cartel en formato dixital que permita o seu proceso informático

e inserirá os logotipos das entidades patrocinadoras facilitadas polo Concello de Sober para a súa publicación, así como os logos das redes sociais institucionais. O simple feito de presentación ao concurso supón a aceptación plena destas bases.

O primeiro horreum romano con muros paralelos foi localizado en Proendos

Os resultados das sondaxes arqueolóxicas realizadas en Proendos presentáronse no Centro Socio Cultural de Sober nun acto presidido polo alcalde, Luís Fernández Guitián, no que tamén participou a empresa encargada dos traballos, Tempos Arqueólogos SL. En outubro de 2020 realizáronse cinco sondaxes arqueolóxicas, financiadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia nos terreos da parroquia de Proendos, en Sober. No lugar existía a constancia da presenza dun xacemento arqueolóxico de gran tamaño do cal se teñen documentado numerosas pezas; como columnas, cerámicas e material construtivo.

Nas cinco sondaxes foron recuperados materiais arqueolóxicos e puido comprobarse a presenza

dun horreum romano, un celeiro de grandes dimensións datado en época altoimperial. Construído mediante muros paralelos de moi boa feitura, para así ventilar ben o cereal e favorecer a súa conservación. Este tipo de estruturas son escasas no noroeste peninsular, coñecéndose unicamente 2 na zona de Foz Côa, en Portugal, pero este é o primeiro de cronoloxía altoimperial de todo o noroeste peninsular e o primeiro de Galicia. A carón del localizáronse muros que delimitan un posible espazo agrario, cun gran recipiente cerámico de tradición castrexa, o cal tamén nos remite ao século I-II d.C.

Hipocausto

Na área central constatouse a presenza dunha grande estancia con planta en ábsida de máis de

dez metros de longo e que se atoparía vinculada a restos de mosaicos de varias cores, localizados en posición secundaria. Asociada á estancia en ábsida atopárase unha pequena habitación con muros reforzados, a cal albergaría un hipocausto, un sistema de calefacción subterráneo que podería estar calefactando simplemente a estancia ou unha zona de baños. Este grande edificio estaría datado no Baixo Imperio e cando se abandona, nos séculos V-VI, é empregado para a produción de grandes cantidades de ferro ou cobre evidenciado polo grande número de escouras localizadas.

Durante os traballos localizáronse dúas áreas con ocupación romana diferenciada, unha do Alto Imperio, vinculada co horreum e estruturas agrícolas e



Horreum romano excavado na parroquia soberina de Proendos.

outra do Baixo Imperio, cun grande edificio nobre con elementos de luxo, como mosaicos. Estas evidencias formulan a posible existencia en Proendos dunha complexa villa romana fundada no Alto Imperio e cunha importante ocupación en época baixoimperial, aínda que esta hipótese debe ser refutada con maiores investigacións.

Durante os traballos recuperá-

ronse máis de 1.200 elementos, depositados no Museo de Viladonga e para parte deles o Concello de Sober está xestionando a súa exposición na propia vila, posiblemente na Oficina de Turismo. Entre estes materiais destacan cerámicas de tradición indíxena, pezas de Terra Sigillata, cerámica común lucense, cerámicas comúns dos séculos V/VI d.C. e unha conta de acibeche.

O Concello de Sober aprobou os orzamentos que priman gasto social e investimentos

O Concello de Sober vén de aprobar os presupostos de 2021 nos que prima o gasto social e as inversións. As contas ascenden a 2.775.000 euros. Un ano máis o goberno local tivo en conta para elaborar os orzamentos a previsión da transversalidade de xénero en cada unha das súas medidas, de xeito que se transmita unha imaxe efectiva igualitaria, plural e non estereotipada de homes e mulleres na sociedade. Garántese a igualdade no acceso ao emprego, na formación, na promoción e nas condicións laborais. Promociónase a igualdade e a participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte ou saúde). Así,

contémplanse diferentes accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero.

Rebaixas fiscais

O rexedor, Luís Fernández Guitián, explica que “estamos ante uns orzamentos totalmente realistas nos que unha vez máis prima o gasto social e os investimentos. Non se sobe ningún imposto, nin taxa, pola contra, contémplase a redución da taxa do lixo nun 10% e a gratuidade do segundo fillo na Gardería Municipal”. A maiores, destínanse a benestar comunitario e gasto social preto de 1.400.000 euros, mentres que a Cultura, Educación e Deporte van arredor de 275.000 euros.

As inversións supoñen 800.000 euros dos presupostos. No capítulo de inversión séguese apostando



Consistorio de Sober.

por obras de saneamento e abastecemento con 140.000 euros, unha partida de máis de 100.000 euros para a mellora de camiños, que se verá incrementada co Plan

Marco de Camiños Rurais. Prevese tamén un investimento de 245.000 euros na renovación de alumeados públicos, 122.000 para a rehabilitación de dúas vivendas muni-

cipais en Vilamaior e 40.000 para a mellora da rede de miradoiros (homologación da sinalización, aparcadoiros e mobilidade). No capítulo de inversión recóllese tamén a adquisición dun inmovible para Centro de Interpretación, a instalación dun punto de recarga para vehículos eléctricos ou a reforma do parque infantil de Sober, entre outras.

Con cargo ás contas de 2021 creouse unha nova liña de axuda para libros e material escolar que se engade á de transporte universitario. As asociacións poderán optar a axudas para organización de eventos puntuais ou para proxectos de actividades. Por último, segue tendo un peso importante o fomento do emprego cunha partida de preto de 60.000 euros.

Adxudicado o proxecto de construción do parque acuático de Monterrei

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, adxudicou o servizo de redacción do proxecto de construción do parque acuático no Complexo lúdico deportivo de Monterrei no Concello de Pereiro de Aguiar. O importe de licitación da redacción do proxecto alcanzaba os 251.415 euros e finalmente foi adxudicado por un importe de 192.995 euros. A empresa adxudicataria é Naos 04 Arquitectos e o prazo de execución será de catro meses.

Tal e como informou o secretario xeral para o Deporte na súa última visita ao complexo ourensán, o proxecto da parte acuática foi adxudicado no último trimestre de 2020. O proxecto consta de tres fases diferenciadas: a piscina familiar, a piscina infantil e os tobogáns de adrenalina. Durante a execución das obras poderanse utilizar en todo momento as instalacións xa existentes ou fina-



Así quedará o Complexo Deportivo de Monterrei logo das reformas.

lizadas. O orzamento da parte acuática alcanzará os 8.809.566,35 euros.

A reforma do Complexo Deportivo de Monterrei contará cunha zona deportiva e unha zona acuática como dous partes diferenciadas e independentes. O orzamento total da actuación roldará os dez millóns de euros e será cofinanciado ao 50% entre Xunta de Galicia e Depu-

tación de Ourense.

A devandita zona deportiva, xa rematada e en uso, alberga un pump track indoor para bicicleta BTT e deportes urbanos, ademais dunha pista polideportiva descuberta, unha pista de tenis cuberta e outra descuberta, dúas pistas de pádel cubertas e outras dúas descubertas e a ampliación da cuberta da pista de atletismo.

Cabanas para turismo familiar

O municipio de Pereiro de Aguiar dispoñerá dunha nova localización para poder pernoitar: as "Casiñas Miradoiro de Cachamuíña". Trátase dun novo establecemento de turismo rural vacacional que estará composto por cinco bungalós de madeira. Cada unha destas edificacións estará dotada dunha habitación de matrimonio con liteiras retráctiles ocultas para menores, un cuarto de baño, un salón-cociña comedor e unha terraza-miradoiro con vistas ao encoro de Cachamuíña.

Os cinco bungalós dispoñen das mesmas estancias e un deles está acondicionado para persoas con problemas de mobilidade. Jorge Guerra, o promotor, explicou que a decisión de facer as construcións deste xeito débese, sobre todo, a ser "un reclamo para turismo vacacional e especialmente familiar, por iso os dormitorios es-

tán pensados para unha familia con nenos pequenos". A execución deste proxecto comezou o pasado mes de outubro e está previsto que estea finalizada a comezos do próximo mes de febreiro, segundo os plans de obra, coa pretensión de poder abrir para a tempada primaveral.

A estrutura está formada por un 90 por cento madeira e un 10 por cento de metais para "poder adaptarse na paraxe natural distorsionando ou menos posible a imaxe" porque, precisamente o promotor destaca que a paisaxe ten unha importancia enorme. "Noutro sitio non sería ou mesmo, as casiñas están todas situadas de fronte ó encoro porque hai unhas vistas perfectas do río, Pereiro de Aguiar é un Concello que non ten moito onde pernoitar e que mellor que agora poder facelo nun sitio tan idílico", comentou Guerra.

O promotor tivo que talar parte da arboleda existente. "Foi unha mágoa pero era inviable facer chegar as guindastres e precisabámolas, por iso agora paralelamente coas obras imos comezar un proceso de reforestación". A necesidade destes guindastres debeuse, en parte, pola orografía do terreo. "Hai moito desnivel neste tipo de paisaxes, así hai partes das casas que se atopan na altura do chan pero as zonas de miradoiro atópanse a uns 2 e 3 metros", explica Guerra.

O financiamento é case íntegramente privado pero o promotor tivo colaboración da Xunta para un posto de auto-checking que haberá na entrada dos bungalós. Ademais, destaca que os permisos da Confederación Hidrográfica fixéronse de rogar mentres que os da Xunta obtivéronse "rápidamente" do mesmo xeito que os do Concello.

O Pereiro renovará a iluminación pública coa tecnoloxía led

O Concello de Pereiro de Aguiar quere renovar toda a súa iluminación pública para instalar tecnoloxía led e desta forma mellorar o servizo. O acordo foi adoptado por unanimidade de todos os grupos con representación municipal e remitido ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía para a súa revisión e concesión. A previsión municipal, segundo indicou o rexedor Luís Menor, é actuar sobre un total de 3.543 puntos de luz.

O investimento previsto da actuación alcanza os 2,5 millóns de euros dos que o Concello terá que asumir o pago de pouco máis de medio millón. O rexedor do PP si-

nalou que este acordo foi "absolutamente transcendental para o municipio. Trátase dun minucioso traballo onde tivemos que auditar os máis de 3.800 puntos de alumeados públicos que están instalados non noso Concello". Mentres agardase esta renovación integral, o Concello de Pereiro de Aguiar xa realizou melloras no servizo. A última delas foi este pasado verán coa renovación de case 300 puntos de luz instalados con tecnoloxía led. Cando se complete a substitución dos puntos de luz, o alcalde destaca que se cumpriron diversos obxectivos: "aforro económico, redución da emisión de gases e mellora do servizo".

A Xunta colabora co Concello de Pereiro de Aguiar na urbanización do entorno do colexio público



Alfonso Rueda e Luis Menor, á dereita na foto.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, Alfonso Rueda, visitou, acompañado polo alcalde Luis Menor, as melloras levadas a cabo no entorno do CEIP Ben-Choshay, no Concello de Pereiro de Aguiar. Alfonso Rueda indicou que as obras levadas a cabo son a través das axudas do Fondo de Compensación Ambiental, que nesta convocatoria conta cun orzamento de 12,5 millóns de euros para financiar actuacións nos concellos destinadas a financiar iniciativas orientadas á conservación da biodiversidade, ao impulso da eficiencia, ao uso sostible das enerxías renovables e á restauración do medio ambiente e reequilibrio territorial.

O investimento do Goberno galego este ano no municipio ascende a case 118.000 euros e inclúe tamén as cubertas dos parques infantís nas urbanizacións de Tapada de Bouzas e de Veiga de abaixo e o mantemento da brigada de protección e mantemento de espazos ambientais conxuntamente co Concello de Nogueira de Ramuín.

A Xunta leva investidos nos últimos anos arredor de 440.000 euros no municipio de Pereiro de Aguiar no marco destas axudas. A través destas subvencións, o Goberno galego apoia aos concellos galegos, en especial aos máis pequenos e con menos recursos, na mellora dos servizos municipais o que redonda positivamente no benestar dos seus cidadáns.

Cachamuíña será o gran pulmón verde de Ourense

A contorna da cidade de Ourense contará este ano co maior parque natural, de deporte e de ocio de toda a provincia, "unha infraestrutura que se situará no encoro de Cachamuíña, Concello do Pereiro de Aguiar, que se converterá no gran pulmón verde de Ourense". Así o expresou o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, quen visitou xunto co alcalde de Pereiro de Aguiar, Luis Menor Pérez, os terreos onde se levarán a cabo estas actuacións medioambientais, únicas na provincia de Ourense.

Está previsto que a maioría das infraestruturas entren en funcionamento ao longo de 2021, todas ao redor de Cachamuíña, no río Lonía, un curso fluvial que nace en Nogueira de Ramuín e remata no río Miño, na capital ourensá, e que ten neste espazo do encoro un lugar idóneo para desenvolver esta infraestrutura que combina medio ambiente, ocio e deporte, impulsada pola Deputación de Ourense e o Concello de Pereiro de Aguiar.

O proxecto contempla a cons-

trucción dun parque de calistenia, un método de adestramento deportivo con exercicios físicos que se executan co propio peso corporal. Para elo instálase un sistema de barras para a realización de circuítos Workout nos que os deportistas poderán facer un adestramento ao aire libre que favorece a resistencia, a coordinación, a flexibilidade e mellora o ton muscular do corpo. Ademais, contéplase a construción dunha pasarela xunto ao río con accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, un parque infantil, un parque canino e aseos, ademais dun aparcadoiro para permitir un fácil acceso aos usuarios a esta contorna natural.

Parque biosaudable

Todo isto unirase ás infraestruturas xa existentes: un parque biosaudable e rutas de sendeirismo, contemplándose, asemade, a construción do denominado "Parque da Igualdade", un espazo que prevé abrirse ao público no primeiro semestre de 2021 e que renderá homenaxe ás vítimas das violencia de xénero, ofrecendo aos visitantes "unha experiencia emocional per-

correndo esta contorna natural", afirma Baltar. O Parque da Igualdade, impulsado pola Deputación de Ourense, forma parte das iniciativas que promove o goberno provincial na liña de desenvolver políticas de sensibilización fronte á violencia machista, creando conciencia social diante desta lacra que afecta á poboación.

Manuel Baltar afirma que toda esta actuación vai na liña estratéxica que impulsa a Deputación de Ourense de "Economía Verde" e "Economía Circular", como xa avanzou días pasados no Debate sobre o estado da provincia, onde o pleno da corporación provincial aprobou trinta medidas para reactivar Ourense na era poscovid, entre elas, un proxecto de xestión ambiental integral que co-liderará a Deputación e que ofrecerá unha solución á xestión de residuos en liña, con tres ámbitos de actuación: planta de biometanización, planta solar fotovoltaica e planta de obtención de hidróxeno verde.

Outras propostas de Manuel Baltar neste ámbito e que tamén foron aprobadas no pleno, son a posta en marcha do Observatorio



Encoro de Chachamuíña no Pereiro de Aguiar.

Mundial do Termalismo; a implantación en 2021 do proxecto Destino Turístico Intelixente: "Hai un Ourense para ti. Descúbreo"; o Centro de interpretación do Camiño de Santiago no edificio de Correos; e a construción do Centro Galego de Tecnificación do Hóckey.

Economía verde

Baltar remarca que a Deputación de Ourense desenvolve liñas de traballo no marco do Plan de Recuperación e no Pacto Verde Europeo que permitan con proxectos público-privados o crecemento cara a modelos económicos máis sustentables. "É un reto de todos: máis financiamento e máis sustentabilidade, para garantir unha repartición territorial equitativa dos fondos, para que as entidades locais xoguen o papel que lle corresponde no marco da Economía Verde", destaca o pre-

sidente Baltar, quen cualifica a actuación na contorna de Cachamuíña como "un exemplo para Europa do que significa combinar natureza, deporte e paisaxe coa proximidade a grandes núcleos de poboación. Trátase de aproveitar o que o medio natural nos ofrece e acondicionalo co máximo respecto medioambiental".

Luis Menor Pérez, alcalde do Pereiro de Aguiar, "agradece a sensibilidade do presidente Baltar, quen desde o primeiro momento apoiou este proxecto, que ten como obxectivo potenciar o deporte e o lecer sustentable nun municipio como o noso, que conta cunha ampla extensión de quilómetros cadrados próximos á capital ourensá e onde conviven perfectamente as actividades empresariais e industriais coas da natureza e residencial".

Feijóo analiza co alcalde do Carballiño novas actuacións neste concello

Alberto Núñez Feijóo, presidente do Goberno galego, analizou con Francisco Fumega, alcalde de O Carballiño, novas actuacións en materia de sanidade, saneamento e turismo no concello. Feijóo trasladoulle ao rexedor municipal a posibilidade que brindan os Orzamentos da Xunta de 2021 para que o Centro de Saúde do Carballiño poida acceder a distintas partidas coas que acometer diferentes obras de mellora, entre as que se atopan as relacionadas coa eficiencia enerxética, a climatización ou a adaptación funcional de distintos espazos e melloras do espazo asistencial. Ambos mandatarios abriaron tamén a posibilidade de, a través da Consellería de Sanidade, valorar a mellor forma de actuar



Francisco Fumega e Alberto Feijóo no despacho do presidente galego.

nesta infraestrutura, coa construción dun novo centro de saúde.

No ámbito do saneamento municipal, Feijóo e Fumega analizaron a posibilidade de que Xunta

e Concello realicen un cofinanciamento do 50% das distintas actuacións a desenvolver neste eido por un importe total de 600.000 euros. O Concello do

Carballiño comprometeuse a remitir o proxecto á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a súa valoración. Por último, no eido cultural e turístico, ambos avaliaron a situación na que se atopa o Museo do Papel en Galicia situado nesta localidade e a súa necesaria musealización interior.

No tocante á covid, Feijóo salientou que desde o inicio da pandemia, no marco do Plan de Reactivación posto en marcha pola Xunta, destináronse máis de

600.000 euros a axudar a empresas, autónomos e emprendedores do municipio; e no eido da hostalaría, o Plan de Rescate activado polo Goberno galego chegou a 100 beneficiarios do Carballiño.

O titular do Executivo galego destacou tamén a colaboración entre ambas administracións na loita contra a covid, coa entrega de material por parte da Xunta como: máscaras, xel hidroalcolico, luvas, batas, traxes, desinfectantes e pantallas faciais.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Nova liña de axudas para a hostalería pola covid 19

Na provincia de Ourense, 931 negocios de hostalería accederon a axudas que suman 3 millóns de euros. O número de solicitudes presentadas foi de 1.068 (pagouse o 87,1% das solicitudes presentadas). En canto á cidade de Ourense, 488 negocios de hostalería accederon a axudas que sumaron 1,8 millóns de euros, o que representa o 55% dos establecementos hoteleiros do concello.

O delegado da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, mantivo unha reunión con interlocutores do sector da hostalería para avanzarlles que a Xunta traballa, en coordinación cos representantes provinciais desta actividade, nun segundo Plan de Rescate, para

persoas traballadoras autónomas, microempresas e establecementos hostaleiros afectados pola pandemia e as restricións sanitarias. Este novo Plan terá unhas características similares ao que se puxo en marcha a finais de ano, aínda que simplificaranse os requisitos para que o acceso ás axudas sexa aínda máis áxil e doado. As novas axudas estarán dimensionadas e orientadas a cubrir as necesidades dos sectores máis afectados polas restricións segundo as previsións da evolución da pandemia previstas pola autoridade sanitaria.

Gabriel Alén, manifestou que “dada situación actual da pandemia é prioritario agora evitar perigosas interaccións sociais

que afecten á saúde dos galegos e galegas, pero mantemos firme o noso compromiso de seguir ao carón dos sectores que máis se resenten nesta pandemia”. Neste senso, tanto o Goberno galego como os representantes da hostalaría propuxeron abrir unha tripla fronte para paliar o impacto económico das restricións mediante un fondo de cooperación Covid-19 que conte coa participación da Xunta de Galicia, deputacións e os grandes concellos para salvar do peche ás empresas e autónomos da nosa comunidade, seguindo o modelo da comunidade autónoma de Valencia, onde a Generalitat aportará o 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o



Representantes de hostaleiros ourensáns.

20% restante.

A primeira convocatoria do Plan de rescate xa completou case o 80% dos pagamentos a máis de 30.500 solicitantes que cumpriron cos requisitos, por un importe de 65 millóns de euros.

No que se refire concretamente á hostalería, máis de 14.700 negocios deste sector recibiron ata o de agora apoio económico directo da Xunta a través das tres

liñas incluídas no Plan de Rescate, por valor de 23,7 millóns de euros. Estes datos evidencian que o 70% dos hostaleiros galegos (segundo o Instituto Galego de Estatística, Galicia conta cun total de 20.688 negocios nesta actividade) tiveron acceso ás axudas establecidas pola Xunta para facer fronte á crise económica e as restricións efectuadas por recomendación sanitaria.

BNG demanda explicacións ao presidente da Deputación por adxudicacións “a dedo”

Voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, Bernardo Varela, ven de demandar explicacións e requerir toda a información existente ao actual equipo de goberno provincial e nomeadamente ao presidente, Manuel Baltar, ante a condena á Deputación provincial de Ourense de abonar 193.093 euros a un particular por subministro de bancos e marquesinas á entidade provincial, así como a remisión das actuacións ao Ministerio Fiscal a fin de investigar a eventual comisión dun delito de prevaricación.

“Non é a primeira vez que o procedemento de contratación da Deputación de Ourense, presidida por Baltar Pumar, é obxecto dunha investigación xudicial penal por prevaricación administrativa. No ano 2014 José Luis Baltar xa foi condenado pola Audiencia Provincial a 9 anos de inhabilitación especial como autor criminalmente responsable dun delito de prevaricación continuada pola contratación ilícita polo ente provincial de máis dun centenar de traballadores e traballadoras”, sostén o BNG.

“De conformidade co apreciado polo Xulgado Contencioso-Adminis-



Bernardo Varela e membros do BNG.

trativo de Ourense semella que, a prevaricación continuada apreciada no seu día en materia de contratación de persoal, tamén atinxía a outros eidos da contratación da Deputación, como son os subministros de mobiliario.” indica Varela

Ante esta situación reiterada, declara o voceiro nacionalista, queda patente que a Deputación ao longo do tempo ten sorteado os procedementos legais de adxudicación, o que reflexa unha forma de actuar bordeando a lei que se ten perpetuado nesta institución que non fai máis que sementar dúbidas sobre outras adxudicacións discutibles e o que ten motivado que teñamos pedido un cambio nesta forma de proceder

á hora de conceder contratos e subvencións cos cartos de toda a veciñanza ourensá.

O voceiro provincial do BNG ademais de demandar unha valoración do actual equipo de goberno e os expedientes administrativos referidos a este caso, ante os numerosos indicios de ilegalidade, mesmo de transcendencia penal, demanda coñecer se o actual goberno da Deputación ten realizado algunha acción de control de legalidade sobre os procedementos de contratación administrativa da Deputación, cales ten pensado realizar ou se o actual goberno se desentende do que acontece na administración do ente provincial e consinte que se perpetúe impunemente este proceder.

Caballero sostén que o PP quere que Ourense siga no caos



Os socialistas chegando á rolda de prensa.

Gonzalo Caballero, secretario xeral do PSdeG, definiu ao PP de “esperpento” político da capital ourensá. O líder dos socialistas galegos referiuse ó rumores que sitúan aos populares de novo no goberno de Gonzalo Pérez Jácome (Democracia Orensá). Caballero pediu a Alberto Núñez Feijóo, presidente do PPdeG, que non dea marcha atrás e arremeteu contra a negativa dos populares a facilitar a substitución do alcalde. “Nunca quixeron levar adiante a moción de censura porque prefiren que Ourense siga vivindo non caos”. O PP, segundo dixo, “segue sendo o bastón de Jácome para manter na Alcaldía”. Rafael Rodríguez Villarino, secretario provincial do PSOE e portavoz socialista no Concello de Ourense, insistiu en que “o único camiño é a moción de censura”.



A ATENCIÓN QUE QUERES É MAIS

En Gadis, podes encontrar a Paula, na froitaría, encantada de axudarte a atopar a túa froita favorita entre máis de 200 variedades.

GADIS

#EnConfianza

Gonzalo Caballero acusa á Xunta de non ter “ningún mecanismo para salvar tantos miles de pequenos empresarios”

O secretario xeral do PSdeG participou nun encontro con xornalistas o venres día 15 en Santiago de Compostela para avaliar a situación actual en Galicia dentro da pandemia pola COVID. É por isto que Caballero ve necesario elaborar “unha folla de reconstrución” onde estean presentes todas as medidas aportadas por todos os axentes sociais. Á parte diso, o líder dos socialistas galegos pediu unha maior celeridade en procedementos xudiciais, logo de ter coñecemento da absolución do que tamén fora secretario xeral do PsdG, Pachi Vázquez, por un presunto delito de prevaricación.

Gonzalo Caballero foi directo ao asunto, Alberto Núñez Feijóo quedou sen plan económico para Galicia en 2021 e pretende ocultarse detrás de acusacións á hostelería e á cidadanía. A política económica de Feijóo leva un “suspenso” para Caballero que ademais lembra que o presidente da Xunta está culpando a deputacións e concellos da mala xestión das axudas para a hostalaría.

A situación é de tal magnitude para o líder dos socialistas galegos, que considera que agora mesmo “non existe ningún mecanismo para salvar e rescatar a miles de pequenos comercios, restaurantes e bares afectados polas decisións restrictivas da mobilidade e á interacción social

decretadas pola Xunta”. Caballero apunta máis alto, sinala que a Xunta é consciente dos datos económicos actuais e por tanto, debora reestruturar a súa política económica, para iso puxo como exemplo que en 2020 o goberno autonómico só destinou 22 millóns para a hostalaría e sectores asociados.

“En 2020 o Goberno central enviou 224 millóns de euros para a reactivación de Galicia, e que fai a Xunta destinando só 22 millóns para xestionar a maior crise económica que temos diante” sinala Caballero. O secretario xeral do PSdeG estima que o tamaño da crise necesita o taballo de todos os sectores para a elaboración dunha folla de ruta, que el cualifica de “reconstrución” para Galicia dentro dun contexto que pasa polas mesmas horas baixas.

Gonzalo Caballero ofrece a colaboración do seu partido indicando que “tendemos a man” porque desde o seu partido entenden que o goberno da Xunta é incapaz. “É incapaz de xestionar unha política económica que protexa tanto a sectores como persoas afectadas”. Por iso pregunta “por que a Xunta non ten un plan de axudas potente para evitar o peche de sectores produtivos?”

A ausencia do goberno Feijóo

Caballero ve unha actitude pouco responsable desde o executivo autonómico en canto afrontamento da situación. Nese sen-



tido criticou con forza a actitude de Núñez Feijóo porque “un día di que a culpa é do Goberno central e para o outro día a culpa é da cidadanía”.

Retomando a necesidade dunha política económica para afrontar estes tempos, o cabeza dos socialistas galegos deixa claro que “os fondos están nas mans da Xunta. Caballero destaca este punto logo da proposta do executivo autonómico de crear un fondo de axudas para a hostalaría financiado polo mesmo goberno galego, as deputacións e os concellos.

Esta proposta agocha, segundo Caballero, un novo traslado de responsabilidades a unhas institucións que ata o de agora non recibiron ningunha axuda extraor-

dinaria para afrontar a crise. “Os fondos chegarán en 2021 para protexer a economía e Feijóo non pode esconderse detrás de deputacións e concellos”, institucións coas contas moi debilitadas.

Comisión de reconstrución

Insistindo na necesidade dunha política conxunta para salvar a economía galega, o que tamén é portavoz do PSdeG no Parlamento de Galicia, criticou fortemente a actitude da Xunta para poder chegar a “grandes acordos de país”. Aínda máis, sinalou a actitude do executivo galego de nin sequera querer constituír unha comisión de recuperación na Cámara galega. “Se non existe esa vontade (para a comisión) estaremos equivocando o camiño”.

Unha proba clara para Caballero da falta de vontade por parte de Feijóo é a súa ausencia do diálogo coas forzas da oposición. “O máis razoable sería redactar unha axenda distinta e buscar acordos que protexesen a saúde” ademais de “reactivar a economía”. Non obstante, durante estes últimos meses, “non houbo ningunha reunión para crear unha folla de ruta para enumerar as prioridades orzamentarias e a busca de fondos europeos para Galicia”. Finalmente concluiu con que o “PP fixo os orzamentos sen previsión desta terceira onda”.

Pachi Vázquez

Caballero tamén tivo unhas palabras para quen fora o líder dos socialistas galegos quen, anos máis tarde, fundara Espazo Común, Pachi Vázquez, quen foi absolto do delito de prevaricación. O actual secretario do PSdeG considera necesario que a xustiza sexa “máis áxil” para evitar prolongamentos innecesarios nas causas.

Caballero declarábase satisfeito de ver como a xustiza funciona con “normalidade” e “garanta o cumprimento da lei” así como declarar incente a quen non ten un “comportamento irregular”. Pachi Vázquez foi xulgado polo delito de prevaricación por atribuírle a contratación de 60 persoas durante a súa etapa como alcalde do Carballiño polo PSOE, municipio que gobernou entre os anos 1995 e 2005.



Restaurante
A NOSA CASA
Especialidade en caza
Terraza
Aparcadeiro
988 222 227
610 791 813
fax- 988 251 032
Carroleiro, 2 - Ceboliño



PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
PLATOS
VEGETARIANOS Y VEGANOS

Maria Tapas
Bar

Comidas para levar

Rúa Unión 1
651 853 881